

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO  
E DA COMPETENCIA E CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO PARA O  
DESENVOLVEMENTO DE TALLERES DE FORMACIÓN NO PROGRAMA  
CONSUMOACCESIBLE**

En Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en adiante IGCC), nomeado polo *DECRETO 192/2020, de 20 de novembro* (DOG nº 23 de novembro), actuando en nome e representación do IGCC, en virtude das facultades que lle confire o artigo 13 dos Estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160 de 25 de agosto de 2016), e o artigo 1 da Resolución de 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74 de 18 de abril de 2017);

E doutra, D. \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_ director e representante legal de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, domiciliada en \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, facendo uso das facultades que lle foron outorgadas por medio da escritura pública de poder autorizada a 26 de setembro de 2018 polo notario do Ilustre Colexio de Galicia, D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, baixo o número 1910 do seu protocolo.

teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte **convenio de colaboración**, e

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.**- Que o IGCC é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

**SEGUNDO.**- Que o Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividades interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

**TERCEIRO.**- Que a estratexia de protección ás persoas consumidoras para o período 2020/2025, ten por obxecto acadar un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma enmarcándose na “Nova Axenda Europea do Consumidor 2020-2025”; e neste senso, comparte os obxectivos contemplados na mesma e encadrado dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma en materia de protección das persoas consumidoras.

Contempla tres ámbitos de actuación, que son os seguintes:

- Transformación Dixital
- **Persoas consumidoras vulnerables**
- Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva

Así, dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contémpase a realización dun plan formativo para colectivos vulnerables e diferentes programas entre os que se atopa o denominado ConsumoAccesible, que se dirixe a persoas con discapacidade e en situación de pobreza ou exclusión social.

**CUARTO.** – Que Cáritas diocesana é o organismo oficial da Igrexa nas diocese de Santiago de Compostela para servir á acción caritativa e social, promovendo, coordinando e instrumentando a Comunicación Cristiá de Bens entre as comunidades eclesiais en todas as súas formas, axudando á promoción humana e ao desenvolvemento integral das persoas, grupos e comunidades, colaborando en aquelas accións que teñan este fin.

**QUINTO.-** Que segundo o artigo 7 dos Estatutos reguladores de CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA son fins da organización, entre outros, concienciar e sensibilizar á comunidade cristián e á sociedade en xeral en relación á caridade e á xustiza, así como promover, animar e coordinar iniciativas de carácter asistencial e promoción integral da persoa.

Así mesmo recóllese como un dos fins específicos manter o contacto e a colaboración coa Confederación de Cáritas Española e outras Cáritas diocesanas, especialmente as das dioceses de Galicia, así como con outras entidades benéficas e cos organismos civís que fora preciso, de ámbito nacional, autonómico, provincial ou municipal, que contribúan á consecución dos seus fins propios.

**SEXTO.** - Que ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións e fins establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e divulgador a través deste convenio, realizando de forma conxunta actuacións formativas sobre consumo responsable dirixidas especificamente ás persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social, así como ás persoas ou entidades colaboradoras con CARITAS.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

A colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo e divulgador en materia de consumo, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, especialmente, dos máis pobres e excluídos.

O fomento da formación e a educación das persoas máis vulnerables a nivel social como persoas consumidoras e usuarias, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable e eficiente nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante. Especialmente, en temas tan importantes como o sobreendeudamento e os servizos que cobren necesidades básicas como a luz, o gas, telefonía, ...

O empoderamento das persoas usuarias como persoas consumidoras e usuarias, formando aos seus técnicos, persoal de atención primaria e Entidades Colaboradoras, así como o fomento do coñecemento destes recursos por toda a cidadanía a través das persoas usuarias máis vulnerables.

A promoción das persoas consumidoras e usuarias dunha maneira integral: necesidades básicas, consumo responsable e colaboración social. Prestarase especial atención ás persoas vulnerables:

- Familias
- Persoas maiores
- Persoas con discapacidade

## **SEGUNDA.- Actuacións formativas**

- a) Formación de formadores (entidades e persoas colaboradoras, técnicos e persoal de atención primaria de CARITAS) co obxectivo de difundir as prácticas de consumo responsables entre os distintos colectivos de atención das entidades de CARITAS, mediante a impartición por parte do IGCC de 3 talleres sobre diferentes temáticas de consumo responsable de interese para os colectivos de persoas máis vulnerables, que se impartirían nas modalidades: telepresencial (mediante a propia plataforma de teleformación do IGCC) e/ou presencial na medida do posible con motivo das medidas socio-sanitarias adoptadas con motivo do Covid (nas instalacións que propoña CARITAS) .
- b) Realización de 3 talleres sobre diferentes temáticas de consumo responsable de interese para os colectivos de persoas máis vulnerables, que se impartirían nas modalidades: telepresencial (mediante a propia plataforma de teleformación do IGCC) e/ou presencial na medida do posible con motivo das medidas socio-sanitarias adoptadas con motivo do Covid (nas instalacións que propoña CARITAS) .

## **TERCEIRA.- Temática dos talleres:**

As temáticas a tratar nos talleres son os temas de maior interese, centrándose nas seguintes temáticas:

- *Taller 1: Resiliencia financeira: o sobreendeudamento*

O sobreendeudamento é a etapa á que chega unha persoa cando adquire máis compromisos financeiros dos que está apto para pagar en proporción cos seus ingresos e o seu patrimonio.

Para apreciar o estado de sobreendeudamento, hai que ter en conta os ingresos e o patrimonio da persoa consumidora/usuario, pero tamén os gastos que non poida desatender, tales como os derivados da vida cotiá, servizos bancarios (contas básicas e tarxetas revolving), créditos ao consumo, ...

De aí que se traten as principais causas do sobreendeudamento:

- Aumento de gastos por descontrol do presuposto.
- Utilización das tarxetas como medio de pago (de compras, de crédito ou de débito e tarxetas “revolving”).
- Omisión de datos na análise dos contratos
- Cláusulas ou prácticas abusivas que ocultan o verdadeiro coste da operación de crédito.

En resumo, ten como centro os dereitos esenciais que teñen as persoas consumidoras e usuarias no relativo ás finanzas, presupostos, dereito das persoas vulnerables a unha conta básica bancaria, tarxetas revolving, créditos ao consumo...

- *Taller 2: Resiliencia enerxética: luz e gas.*

A luz e o gas son servizos básicos en todos os fogares galegos, de aí a importancia da protección das persoas consumidoras e usuarias á hora de contratar e usar os devanditos servizos, para tender a un aforro e consumo sostible.

De aí que se traten, entre outros, os principais problemas dos devanditos servizos:

- Consumos excesivos
- Persoas vulnerables con dereito ao bono social
- Redución de potencia contratada para un aforro enerxético
- Fraccionamento da débeda para evitar o corte de subministro
- Prohibición de corte de subministro nos fogares vulnerables
- Facturas transparentes e claras

En resumo, ten como centro os dereitos esenciais que teñen as persoas consumidoras e usuarias no relativo ao servizo eléctrico e de gas nos seus fogares.

- *Taller 3: Resiliencia nas compras on line: o Ecommerce.*

Na situación excepcional provocada pola pandemia do COVID19, incrementouse a adquisición de produtos e servizos a través do comercio electrónico polo que cómpre coñecer os dereitos como persoas consumidoras e usuarias das compras efectuadas por este medio.

Todos estes cambios na forma de consumo merecen unha atención prioritaria, xa que a transición dixital, implica vantaxes importantes pero tamén puxo de manifesto a existencia de incumprimentos da normativa de protección das persoas consumidoras, especialmente das máis vulnerables.

De aí que se traten, entre outros, os principais problemas da devandita modalidade de compra:

- Seguridade e privacidade das compras on line
- Información sobre as empresas, bens e servizos
- Protección e información sobre os distintos medios de pago electrónico
- Garantías dos bens e servizos contratados
- Dereito a desistir das compras on line

En resumo, céntrese nos dereitos esenciais que teñen as persoas consumidoras e usuarias no relativo ás compras realizadas por internet (Ecommerce).

#### **CUARTA.- Horario**

Os talleres realizaranse en horario de mañá ou tarde, segundo se acorde con CÁRITAS e sería unha formación de 3 horas, adaptándoa ás súas entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas usuarias.

Os talleres poden realizarse nunha xornada de 3 horas ou ben en tres xornadas dunha hora cada unha, segundo as necesidades de CARITAS.

#### **QUINTA.- Persoas destinatarias:**

A formación en consumo está destinada a entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas usuarias de CARITAS, non sendo preciso un número mínimo de asistentes para impartir a formación.

## **SEXTA.- Obrigas do IGCC**

O IGCC, en base á súa experiencia e coñecemento das distintas problemáticas que afectan ás persoas consumidoras, deseñará e elaborará os contidos dos talleres e a formación de formadores, incluída a execución da formación, e realizará calquera outra actuación que sexa considerada de interese común para ambas partes en relación coa actividade obxecto do convenio.

## **SÉTIMA.- Obrigas de CARITAS**

1º.- Difundirá e xestionará os talleres e a formación de formadores que se impartan, así como os talleres destinados a persoas usuarias.

2º.- Inclusión no seu portal web dos contidos, actividades e recursos, que debe converterse en punto de referencia na aprendizaxe sobre o consumo responsable e eficiente para as persoas máis vulnerables, centros e entidades relacionadas.

3º.- Realizar unha presentación oficial para todas as súas entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas usuarias.

## **OITAVA.- Condicións económicas**

O presente convenio non supón custo para as partes.

## **NOVENA.- Coordinación técnica das actuacións**

A coordinación técnica dos talleres realizarase a través dun grupo de coordinación composto pola persoa ou persoas que designe CARITAS, e polos correspondentes representantes do IGCC.

No seno deste grupo, poderán decidirse as actuacións que se consideren precisas para potenciar o presente convenio, incluíndo a posibilidade propoñer convenios de ampliación a outras materias de consumo non contempladas no presente documento.

No marco do presente convenio inclúese así mesmo, o intercambio entre as dúas institucións participantes de material divulgativo e publicacións que cada unha delas

teña realizado en materia de consumo. Nas publicacións ou documentos divulgativos elaborados en virtude deste convenio constará a identificación, como colaboradoras, de ambas institucións.

#### **DÉCIMA.- Comisión de seguimento**

Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio créase unha comisión paritaria de seguimento, formada por dous representantes de cada entidade, sendo presidida por un dos representantes do IGCC.

A comisión deberá reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que llo solicite unha das dúas partes.

Está comisión será competente para resolver os problemas que poidan suscitarse en canto á interpretación e cumprimento do convenio.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución do convenio**

Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordar a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio e noutras leis.

Os efectos da resolución do convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Non existencia de relación laboral**

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen os talleres deste convenio e o IGCC.

#### **DÉCIMO TERCEIRA .- Confidencialidade**

As partes deberán respectar fronte a todas as persoas non directamente intervinientes e terceiros en xeral, unha confidencialidade estrita e rigorosa respecto a toda información, documentación e modalidades concretas de implementación de proxectos á que se teña acceso en virtude da execución do Convenio, adoptando as medidas para que o persoal vinculado directa o indirectamente ao seu cumprimento tome as medidas necesarios a tal finalidade.

#### **DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos**

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente convenio, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Vixencia**

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro de 2021. Todo isto sen prexuízo da posibilidade, por acordo das partes, de prorrogar expresamente o citado prazo por períodos de duración anual.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as súas estipulacións, e como



proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, en lugar e data arriba indicados

O DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DO  
CONSUMO E DA COMPETENCIA

O DIRECTOR DE CARITAS DIOCESANA  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA